

LECTURA OBXECTIVA DUNHA IMAXE

Datos básicos		Formato da comunicación (foto, debuxo, pintura, escultura, arquitectura, cortometraxe, spot publicitario, etc)
		Función principal da comunicación (informativa, exhortativa, expresiva, ou estética)
describir	En imaxe fixa	Obxectos, personaxes, formas
		cores
		texturas
		Primeiro plano
		Segundo plano
		Fondo
		iluminación
		etc
	En audiovisual	Secuencia
		planificación
		Música e audio
		etc
deducir		A mensaxe obxectiva

LECTURA SUBXECTIVA DUNHA IMAXE

Que me suxire...	Os obxectos, formas, personaxes
	As texturas
	A composición
	As cores
	A iluminación
	O sonido
	etc

EXEMPLO



<p>Datos básicos</p>	<p>Trátase dunha FOTOGRAFÍA que ilustra unha nova sobre manobras militares nun xornal. A súa función principal é INFORMAR, aínda que tamén se aprecia unha importante carga EXPRESIVA.</p>
<p>describir</p>	<p>No primeiro plano resaltan uns helicópteros que sobrevoan un campo ermo sobre o que se dispoñen ordenadamente uns militares Destaca a COR marrón da terra en contraste ca luminosidade do ceo. A LUZ chega pola esquerda pero en certas partes a foto semella un contraluz. Os helicópteros destacan por CONTRASTE (obxectos escuros sobre fondo moi claro) A TEXTURA que predomina na metade inferior da composición é a da terra na que se ven pegadas de vehículos COMPOSITIVAMENTE, a imaxe organízase entorno á liña de horizonte situada que divide á metade o conxunto. Obtense unha gran sensación de PROFUNDIDADE pola disposición dos helicópteros ao que axuda a disposición dos militares, que acrescentan a sensación de fuga. Os militares serven de contrapunto aos helicópteros na metade inferior da composición</p>
<p>deducir</p>	<p>O obxectivo da imaxe é dar unha visión de conxunto de como se desenvolveron unhas manobras nas que participaron vehículos pesados, helicópteros e soldados</p>

Lectura subxectiva

<p>Que me suxire...</p>	<p>O principal elemento da composición son os helicópteros que semellan suspendidos no aire con aspecto ameazante. O contraste entre os helicópteros, practicamente siluetas, sobre fondo claro, creao un efecto de contraluz que intensifica ese aspecto por un lado irreal e por outro ameazante. A textura e a cor da terra removida con pegadas de vehículos pesados provoca sensación de terreo sen vida, arrasado para e fins destructivos. A sensación de profundidade conseguida incide no aspecto de poder que se busca, é dicir, todo está ocupado e controlado pola maquinaria desplegada. Outras sensacións que provoca son: orde, poder, disciplina e temor.</p>
-------------------------	---